



Expediente	Sesión ordinaria do Pleno do Concello de 16.07.2018	REF. 10/2018
Trámite	Decreto de convocatoria	

Examinada a relación de asuntos remitida pola Secretaría Xeral do Pleno, considerando o tratado na sesión da Xunta de Portavoces do día 10.07.2018, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio das atribucións que lle confiren os artigos 124.4.d) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43.1 do Regulamento orgánico do Pleno e as súas comisións (ROP) e 13-2-d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal do Concello de Pontevedra, DECRETA:

Primeiro.-

Convocar aos membros do Pleno do Concello á sesión ordinaria que terá lugar o día **16.07.2018**, no Teatro Principal, ás **11:00 horas** en primeira convocatoria, ou 2 días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria, de non obterse quórum suficiente na primeira, quórum que será dun terzo dos seus membros.

Segundo.-

Fixar a seguinte orde do día:

A) Aprobación da acta da sesión anterior:

1.- Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 15.06.2018.

B) Parte Resolutiva:

2.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición do grupo municipal do BNG para declarar persoas non gratas aos compoñentes da "manada".

3.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición do grupo municipal do Partido Popular relativa á reforma do Campo da Torre.

4.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á necesidade dun recoñecemento póstumo á labor e á figura de Juan Juega Puig.

5.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición conxunta dos grupos municipais Marea Pontevedra e Mixto-Ciudadanos relativa á publicación das sentenzas xudiciais que afectan a este Concello.

6.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición do grupo municipal do Partido Popular relativa á construción dunha piscina municipal ao aire libre.

7.- Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a adopción de medidas urxentes en materia de protección animal.

8.- Proposición do grupo municipal de Marea Pontevedra relativa á petición de retirada de simboloxía da ditadura da fachada do pazo de Xustiza da cidade de Pontevedra.

9.- Proposición do grupo municipal do Partido Popular en relación ao convenio solicitado pola Asociación de Persoas Xordas de Pontevedra.

10.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de proposición do grupo municipal Marea Pontevedra para instar á Xunta de Galicia a realizar as modificacións legislativas oportunas para vetar a realización de eventos tauromáquicos en Galicia e declarar o Concello de Pontevedra como administración contraria aos espectáculos onde se someta aos animais a torturas, maltrato ou violencia.

C) Mocións Urxentes.



D) Control e seguimento do Goberno Local:

11.- Coñecemento expedientes de modificación de crédito.

12.- Coñecemento de resolucións e decretos.

13.- Preguntas.

14.- Rogos.

15.- Toma de coñecemento da renuncia efectuada por don Jacobo Moreira Ferro á súa condición de concelleiro e proposta de nomeamento de substituto.

Terceiro.- Dar traslado da presente:

- Aos Srs. Concelleiros membros e á Intervención municipal, de conformidade co art. 65 do ROP.

- Ao Gabinete de Comunicación para que se efectúen os correspondentes anuncios á prensa, debendo de achegar xustificantes de así telo efectuado.

- Ao servizo de Secretaría e Asuntos Xerais para a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello desde o momento mesmo da convocatoria, debendo de remitilo de volta, debidamente dilixenciado de exposición, logo da celebración da sesión.

* Os expedientes dos asuntos incluídos na orde do día da presente sesión encóntranse á súa disposición na pestaña favoritos do seu perfil de usuario de CIVIDAS. Poderán acceder a través dos ordenadores instalados no Concello aos grupos municipais ou, no seu defecto, a través dos ordenadores da Secretaría do Concello.

O Alcalde,

O Secretario

